

Compostela, 17-xii-58

Sr. D. Luis Seoane  
B. Aires.

Querido Luis:

Acabo de recibir o "segundo libro de tapas", que é, por certo, moi fermoso. Gozo moito mirando e remirando cada follá do libro. Hainas que pola expresión do dibuxo e pola finura da color acadan unha transparencia emotiva tan pura, sinxela e contagiosa como a do texto da inicial "Breve crónica en relación con ninguén y con las artes gráficas", cuxa sinceridade me comoveu. Como queira que, a falta de outros bens, teño o privilexio de contar coa amizade de moitos rapaces galegos, farei que conozan o teu novo libro de tapas e que gocen me súa contemplación como eu mesmo gozo.

Haberá uns 15 ou 20 días mandeiche unha reparata do meu traballo incluído no tomo-homaxe a Otero Pedrayo. Por "Galicia emigrante" vexo que xa coñeces o tomo. Nós contaba mos que salise ahí primeiro outro tomo que tínamos preparado con anterioridade por encargo de un amigo de Caracas e que debera estar imprentado en febreiro pasado. Nese tomo, por editarse fora, podía congregarse todos galegos de dentro e de fóra de Galicia e así foi concelido e disposto. Era a homaxe de todos galegos ó gran D. Ramón de Tralbalba. Como continuación e complemento d'íste, preparamos un tomo especial de GALAXIA, que non podía ser, dende ningún punto de vista, unha especie de duplicado do tomo que debía salir ahí con anterioridade. Por moitas razóns, houbo que o concibir de xeito distinto: non como a homaxe a D. Ramón senon como a homaxe ó profesor Otero Pedrayo. Deste xeito non había redundancia en relación co tomo editado fora. Proieitámoslo, pois, ~~como~~ ó xeito clásico deste tipo de homaxe - miscelánea que se fai en todo o mundo en casos remellantes. Fundamentalmente foi concelido como un diálogo entre a cultura "española" e a maila galega. Procurouse que a cultura española estivese representada por persoas eminentes de varias correntes de pensamento, dende o representante civilizado da Institución, Américo Castro, hasta o tradicionalismo, pasando polo liberalismo de Marañón, polo catolicismo liberal de Aranguren, polo neoliberalismo de Lain, polo culturalismo de Dámaso Alonso. Entre os portugueses escollemos deliberadamente a Rodríguez Lapa, cuxa significación non desvotoces, e entre os galegos civilizados a Guerra de Cal. Tratábase de que, nese diálogo cultural, Galicia quedase a boa altura. Gracias ó traballo de Carballo Calero, Celastino, Parga, Torre Enxido, da Cal e Blanco Freijeiro, o proxecto conquisiuse plenamente. Polo menos así o creemos nós.

Que teñades un feliz Nadal e un bo Aninovo e que o 59 te traia á Terra das tuas afortunadas.

Unha forte aperta do teu bo amigo

Ramón Piñeiro